

# Acendede as almenaras

**Bernardino Graña**

*Edicións Xerais. 70 páxinas*

O poeta de Cangas grava neste poemario un testemuño de emoción e vibración ante a vida e as persoas, un testemuño a través do que lanza ao ar unha onda a favor das ataduras do amor e da amizade. Libro recopilatorio, pero inédito, que reúne composicións escritas desde os anos 80 até hoxe, *Acendede as almenaras* organi-

za os textos en poemas de amor, de amigo e de escarnio, seguindo a nosa tradición literaria medieval, para dar conta da importancia das relacións vitais e persoais, da forza do cariño, da tenrura e do apego, que son, en definitiva, os fíos invisibles que, como sulíña Bernardino Graña, nos proxectan ao longo da nosa vida.

